


➔ **TABOLEIRO DA MESA DE PING-PONG:**



➔ **XOGADORES/AS:** Chámase **parella servidora** á que saca e **parella restadora** á que recibe. Parella AB serve, e parella XY recibe. A→X; X→B; B→Y; Y→A; A→X...

➔ **SAQUE OU SERVICIO:**

1. Ao principio dun partido decídese por sorteo (cara ou cruz) que parella empeza sacando. A que gaña pode elixir saque ou lado da mesa.
2. **Ao comezo de cada xogo**, a parella servidora decide que xogador serve primeiro.
3. **Ao comezo dun partido**, a parella que resta decide quen resta primeiro.
4. **Nos seguintes xogos**, será restador o último xogador que serviu.
5. Para facer un saque correctamente, o servidor debe situarse detrás da liña de fondo, coa pelota situada sobre a palma da man estendida, debe lanzar a pelota verticalmente cara arriba e golpeala coa raqueta antes de que caia na mesa. A pelota debe botar primeiro no seu lado da mesa antes de que pase ao lado contrario.
6. O saque ten que ser en diagonal.
7. Se o servidor erra a primeira vez, ten un segundo saque.
8. No saque a pelota non pode tocar a rede.
9. O servidor non pode efectuar o saque se o restador non está preparado.
10. Cada 2 puntos xogados, a parella servidora para a ser restadora, e así sucesivamente durante o xogo, cunha excepción: se están empatados 10-10, cada parella saca unha vez (ou dúas se erra o primeiro saque), alternativamente ata que remata ese xogo.

➔ **ORDE NO XOGO:**

1. Os membros dunha parella deben golpear a pelota alternativamente, respectando quen saca e quen recibe primeiro, segundo o dito anteriormente.
2. Nun cambio de saque, o que estaba restando pasa a servir e o compañeiro do que servía pasa a restar, e así sucesivamente ata que remate o xogo.
Parella AB serve, e parella XY recibe. A→X; X→B; B→Y; Y→A; A→X...

➔ **CAMBIO DE LADO NA MESA:** As parellas cambiarán de lado na mesa

1. ao remate de cada xogo, e
2. se hai que xogar o 3º ou o 5º xogo, cando unha das parellas chega a 5 puntos.

➔ **PELOTA QUE CAE NA LIÑA:** considérase dentro da mesa.

➔ **SISTEMA DE PUNTUACIÓN:**

1. **NÚMERO DE XOGOS:** xóganse un máximo de 5 ou de 3 xogos (no noso caso xogaremos un máximo de 3 xogos).
2. **PUNTOS NUN XOGO:** en cada xogo dispútanse 11 puntos polo menos, xa que se as parellas empatan 10-10 puntos, hai que seguir xogando ata que unha das parellas **gañe o xogo por dous puntos de diferenza.**

➔ **OBSERVACIÓNS:**

1. En ningún momento un xogador pode tocar a mesa.
2. Un xogador non pode sobrepasar a liña imaxinaria que debuxa a prolongación da liña de fondo da mesa.